

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 06.03.2019 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 42520 (10/POC-006652)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas a adoptar pola Consellería de Cultura e Turismo destinadas a asegurar a protección dos campamentos romanos localizados en Lugo e Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.2 42697 (10/POC-006699)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre os traballos e programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.3 42980 (10/POC-006760)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as cifras de matrícula de alumnado en Formación Profesional Dual de grao medio e superior entre os anos 2013 e 2019, e o obxectivo de acadar as cinco mil matrículas no curso 2020/2021
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.4 43019 (10/POC-006774)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun plan para a normalización da lingua galega entre a mocidade, as razóns polas que non o ten remitido ao Parlamento e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.5 46279 (10/POC-007380)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as causas das demoras detectadas na cobertura das baixas médicas nos servizos de comedores escolares e a posibilidade de axilizar a substitución dos profesionais

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 42163 (10/PNC-003425)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a actividade do Observatorio da Lingua Galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 14.01.2019
- 2.2 46349 (10/PNC-003729)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a
declaración do conxunto histórico-artístico Oia-Arrabalde Vila Mariñeira
como ben de interese cultural, así como a promoción da vila e do concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 42520(10/POC-006652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas a adoptar pola Consellería de Cultura e Turismo destinadas a asegurar a protección dos campamentos romanos localizados en Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2019 10:30:50
Nº Rexistro: 42520
Data envío: 07/01/2019 10:30:50,723

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A equipa multidisciplinar de investigadores do grupo Romanarmy, no que participan profesores da USC, acaba de dar a coñecer os primeiros resultados do seu estudo sobre catro novos campamentos romanos localizados en Lugo e Ourense.

Estes campamentos son:

A Penaparda, no concello de A Fonsagrada, cunha extensión dunhas 10 hectáreas que foi escavado nunha intervención promovida polo Concello e financiada pola Deputación de Lugo.

Monte de Verín, no concello de Pol, un recinto dunha grande extensión, moi próximo ao castro de Viladonga, puido albergar entre 6.600 e 8.600 soldados, un dos máis grandes do noroeste peninsular.

Penedo dos Lobos, no concello de Manzaneda a case 1.500 metros de altitude, cunhas 2,4 hectáreas, conserva as catro portas de entrada.

Cabeza do Pau, no concello de Petín, tamén radicado a unha importante altitude.

Os investigadores afirman que serían necesarias máis prospeccións con axuda de equipas de teledetección e sondeos arqueolóxicos, para mellorar a caracterización dos sistemas defensivos e tomar mostras para a súa datación, pero tamén alertan de que corren un serio risco de desaparición senón se toman as medidas adecuadas para a súa protección.

Polo exposto, a deputada e o deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

CSX-REXISTRO-wFp1WLP-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2019 10:30:50
Nº Rexistro: 42520
Data envío: 07/01/2019 10:30:50.723

1.^a) Vai adoptar a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, algunha medida para asegurar a protección destes campamentos militares romanos?

2.^a) Cales serían estas medidas?

3.^a) Cando serían adoptadas?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/01/2019 13:26:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/01/2019 13:27:01



CSV REGISTRO-WFP1WKL-P-9

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 42697(10/POC-006699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre os traballos e programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:15:33
Nº Rexistro: 42697
Data envío: 08/01/2019 13:15:33.157

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

As bibliotecas escolares son instrumentos educativos que contribúen a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no seu uso crítico.

Polo tanto, as bibliotecas escolares deben contribuír a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, ao mesmo tempo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, converténdose nunha ferramenta indispensable no proceso educativo.

Deste xeito, as bibliotecas escolares son instrumentos imprescindibles que as comunidades escolares deben organizar e dinamizar como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, un centro creativo das aprendizaxes, de carácter dinámico e en constante actualización. Así entendida, a biblioteca escolar pode ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que traballos e programas se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas para que acaden o obxectivo de converterse en espazos fulcrais no proceso de aprendizaxe do sistema educativo galego?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-QdzwZtK9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:15:33
Nº Rexistro: 42697
Data envío: 08/01/2019 13:15:33.157

César Manuel Fernández Gil na data 08/01/2019 13:08:32

Maria Antón Vilasánchez na data 08/01/2019 13:08:40

Teresa Egerique Mosquera na data 08/01/2019 13:08:47

Carlos Gómez Salgado na data 08/01/2019 13:08:59

María Isabel Novo Fariña na data 08/01/2019 13:09:09

Antonio Mouriño Villar na data 08/01/2019 13:09:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/01/2019 13:09:25

Martín Fernández Prado na data 08/01/2019 13:09:28



CSV REXISTRO-OrdwrZlek-9
Vila
https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 42980(10/POC-006760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as cifras de matrícula de alumnado en Formación Profesional Dual de grao medio e superior entre os anos 2013 e 2019, e o obxectivo de acadar as cinco mil matrículas no curso 2020/2021

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe, e se establecen as bases da formación profesional dual pretende establecer as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

No seu título III, dedicado á formación profesional dual do sistema educativo, establece que o obxecto é establecer o marco para o desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, coa co-participación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe e cunhas claras finalidades; incrementar o número de persoas que poidan obter un título de ensino secundario postobligatorio a través das ensinanzas de formación profesional, conseguir unha maior motivación no alumnado e diminuír o abandono escolar temperán, facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas, incrementar a vinculación e corresponsabilidade do tecido empresarial coa formación profesional, potenciar a relación do profesorado de formación profesional coas empresas do sector e favorecer a transferencia de coñecementos e, finalmente, obter datos cualitativos e cuantitativos que permitan a toma de decisións en relación coa mellora da calidade da formación profesional.

Publicado o anterior Real decreto e desde o ano 2013 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional foi publicando distintas ordes de autorización de proxectos experimentais de formación profesional dual, doce en total para seis cursos, o que en boa medida evidencia o grao de improvisación na implementación desta oferta.

Se analizamos as memorias que acompañan aos orzamentos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, podemos atopar declaracións de intencións moi contundentes, como que “procede avanzar decididamente nunha formación profesional dual baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 11:53:18
Nº Rexistro: 42980
Data envío: 10/01/2019 11:53:18.807

unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas”.

Paralelamente ao anterior, sempre se dotan con orzamento partidas destinadas ao fomento da formación profesional dual: 400.000 € no ano 2018 e 750.000 no ano 2019, ambas cantidades no programa 422M Ensinanza Secundaria, Formación Profesional e Outras Ensinanzas.

Pese ao marco teórico e orzamentario que leva a que por parte dos responsables políticos do Goberno se diga que a formación profesional dual é un obxectivo estratéxico e que acadará notables resultados, o certo é que os datos reais parecen contradicir ese discurso, o que se pon de manifesto en que, por un lado vén sendo unha constante que os prazos inicialmente previstos nas convocatorias de admisión a esta modalidade son ampliados por existir vacantes (en realidade na práctica totalidade dos ciclos formativos ofertados) e, por outro, a actual matrícula, segundo algunha fontes, é de 937 alumnos en total sobre unha previsión de 5.000 persoas matriculadas no curso 2020/2021.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantos alumnos se matricularon na Comunidade Autónoma de Galicia en formación profesional dual de grao medio en cada un dos cursos 2013/2014, 2014/2015, 2015/2016, 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019?

2ª) Cantos alumnos se matricularon na Comunidade Autónoma de Galicia en formación profesional dual de grao superior en cada un dos cursos 2013/2014, 2014/2015, 2015/2016, 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019?

3ª) Responden as anteriores cifras ás expectativas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional?

4ª) Mantense como obxectivo acadar as 5.000 persoas matriculadas en formación profesional dual no curso 2020/2021, se fose así, como pensa acadar ese obxectivo?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRO: TqNYZozfk-7
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 11:53:18
Nº Rexistro: 42980
Data envío: 10/01/2019 11:53:18.807

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2019 11:09:32

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2019 11:09:41



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 43019(10/POC-006774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun plan para a normalización da lingua galega entre a mocidade, as razóns polas que non o ten remitido ao Parlamento e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:22:03
Nº Rexistro: 43019
Data envío: 10/01/2019 13:22:03.164

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a elaboración e aprobación do Plan para a normalización lingüística na mocidade e as medidas que debe realizar ao respecto a Xunta de Galiza.

Hai case tres anos que a Xunta de Galiza di estar a elaborar un Plan para a normalización da lingua galega entre a mocidade.

A primeira vez que escoitamos falar deste Plan foi en abril de 2016. Foi o secretario xeral de Política Lingüística quen o anunciou, no marco dunhas xornadas sobre lingua e mocidade organizadas polo Consello da Cultura. Xa daquela aseguraron estar traballando nun bosquexo.

A segunda ocasión que o anunciaron foi en febreiro de 2017, coincidindo co Día da lingua inicial ou lingua materna. Fíxoo o daquela conselleiro de Cultura e Educación aproveitando a visita a unha escola infantil.

De novo en maio de 2017 volveu falar o conselleiro do Plan, foi no mes de en sede parlamentar coincidindo cunha interpelación que lle fixemos ao respecto desde o Grupo parlamentar do BNG. Naquela resposta o conselleiro





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 10/01/2019 13:22:03

Nº Rexistro: 43019

Data envío: 10/01/2019 13:22:03.164

dixo que o plan abranguería o período 2017-2020; que estaría enfocado ao sector 2 do Plan Xeran de Normalización Lingüística e que se dirixiría á mocidade entre os 14 e 30 anos.

Un ano despois, en abril de 2018, o conselleiro presentou publicamente o documento marco do futuro Plan que sería aprobado pola Xunta de Galiza ese mesmo ano. De facto, o cronograma temporal previsto no propio documento marco, prevé a súa remisión ao Parlamento de Galiza entre os meses de setembro e outubro de 2018 para a súa aprobación definitiva en novembro, algo que non aconteceu.

Entretanto, distintos estudos publicados polo IGE, a Academia Galega e o Consello da Cultura Galega advirten que:

- A lingua inicial maioritaria xa é o castelán (38%) se temos en conta a poboación a partir dos 5 anos e até os 65.
- Entre os 5 e os 14 anos –idades que ficarían excluídas do plan-- só o 18% das crianzas aprenderon a falar en galego mentres que o 45% o fai en castelán.
- En relación ao uso. Entre os 5 e 9 anos son falantes habituais arredor do 20%; entre os 10 e os 14, menos do 30% e o 30% entre os 15 e os 19 anos.

É dicir, as cifras advirten que: se está a producir unha ruptura da transmisión xeracional que non ten a ver coa decisión das familias unicamente





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 10/01/2019 13:22:03

Nº Rexistro: 43019

Data envío: 10/01/2019 13:22:03.164

senón que está vencellada directamente coa escasa ou nula presenza da lingua galega nos espazos de socialización secundaria, fundamentalmente a escola e os medios de comunicación nun sentido amplo: radio, prensa, TV, redes sociais, industrias culturais (música, vídeos, series e filmes) e publicidade.

Así mesmo, sinala a responsabilidade directa do Partido Popular na Xunta de Galiza situando o Decreto 79/2010 como o punto de creba dunha tendencia de mellora que se rexistrara en Galiza a partir da aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983) e especialmente do Decreto 124/2007 que seguía literalmente o disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística. Isto provocou, de acordo coa propia Academia, un retroceso de 20 anos en relación coa presenza e uso do galego no ensino.

“Podemos concluír que a aplicación do Decreto 79/2020 supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados (lingua das aulas, usos cos compañeiros, uso oral co profesorado e usos escritos)”, di a Academia no seu informe que advirte: “algo está fallando cando o noso ordenamento legal, desde os inicios da Autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra unha parte crecente das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:22:03
Nº Rexistro: 43019
Data envío: 10/01/2019 13:22:03.164

- Ten realmente elaborado a Xunta de Galiza o Plan que leva anunciando desde 2016 para a normalización da lingua galega entre a mocidade?
- Por que non ten remitido ao Parlamento o devandito Plan de acordo coa planificación temporal aprobada pola propia Xunta?
- Cando pensa facelo público e envialo á Cámara?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2019 13:19:22

CSV REXISTRO-67J0U8F-9
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:22:03
Nº Rexistro: 43019
Data envío: 10/01/2019 13:22:03.164

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2019 13:19:26

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2019 13:19:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2019 13:19:29

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2019 13:19:30

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2019 13:19:32



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 46279(10/POC-007380)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as causas das demoras detectadas na cobertura das baixas médicas nos servizos de comedores escolares e a posibilidade de axilizar a substitución dos profesionais



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:25:11
Nº Rexistro: 46279
Data envío: 13/02/2019 17:25:11.635



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre a cobertura das baixas no servizo de comedor escolar.

Entre os numerosos problemas detectados no servizo de comedores escolares, normalmente vinculados co proceso de privatización, este ano temos que destacar a denuncia feita dende os centros da tardanza que está tendo a Xunta á hora de cubrir as baixas médicas.

Así, no colexio de Xanceda, por exemplo, denunciaron que levaban dez días sen que se cubrira a baixa dunha das persoas que traballa no servizo o que dificultaba moito prestar a máxima calidade. Deste xeito os profesionais explicaron que se viron obrigados a ter que cambiar os menús toda vez que non é posible facer o mesmo tres que dúas persoas.

O que está de fondo, coma sempre, son os supostos aforros, recortes reiterados no ensino público que se deixan sentir en todos os ámbitos.

Por estes motivos En Marea presenta as seguintes Preguntas ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

- Cal é a media de días que tarda a Xunta de Galicia en substituír a unha traballadora ou traballador nos comedores escolares?
- Que opinan das demoras detectadas de máis de dez días?

CSM-REXISTRO-ORT010-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2019 17:25:11
Nº Rexistro: 46279
Data envío: 13/02/2019 17:25:11.635



- A que causa obedece esa demora?
- Podería recortarse o tempo de substitución destes profesionais?
- Está relacionada a demora cos recortes dos tempos da crise?
- Cantas baixas houbo o curso pasado entre o persoal de comedores escolares?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 13/02/2019 17:02:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2019 17:02:30

CSV REXISTRO-SRT010-8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 42163(10/PNC-003425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a actividade do Observatorio da Lingua Galega

Publicación da iniciativa, 410, 14.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42163
Data envío: 27/12/2018 17:32:24.689

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a actividade do Observatorio da Lingua Galega.

O Observatorio da Lingua Galega foi creado no ano 2008. Entre os seus obxectivos fundacionais están, como aparece recollido no seu portal web:

- Obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade.
- Lograr información cuantitativa e cualitativa acerca da presenza do galego nos distintos ámbitos mencionados.
- Permitir establecer comparacións dos usos lingüísticos en diferentes ámbitos da sociedade.
- Posibilitar o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega ou de calquera outro plan de dinamización específico dos sectores que nel se recollen.
- Servir de punto de partida da observación e a avaliación do uso social do galego.
- Facilitar, mediante sucesivas observacións no tempo, a medición e a valoración

CSV: REXISTRO-BGTJSVgg-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42163
Data envío: 27/12/2018 17:32:24.689

do impacto das actuacións en materia de lingua.

- Dispoñer, por primeira vez, dunha información profunda e rigorosa da realidade lingüística de Galicia.
- Poder orientar e focalizar as medidas a prol da lingua nos ámbitos en que sexa máis necesario e se constate unha maior demanda.
- Dar a coñecer, a través da súa web e o seu boletín, a diversidade lingüística mundial mediante a publicación diaria de noticias relacionadas co galego e o resto de linguas de España e do mundo.

Após unha década da súa creación, os datos publicados continúan a se corresponder co ano 2008, a avaliación da presenza da lingua galega e uso social da mesma en diversos ámbitos non foi actualizada nin se impulsaron novos ámbitos de estudo.

Así as cousas, a Xunta de Galiza -a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística-, foi adxudicando o correspondente contrato para que unha empresa asumise as tarefas de mantemento web e de actualización dos contidos e servizos do Observatorio.

No concreto, en 2017 o contrato foi adxudicado nun proceso negociado sen publicidade á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A. por valor de 57.000 euros (IVE incluído).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 28/12/2018 09:30:00

Nº Rexistro: 42163

Data envío: 27/12/2018 17:32:24.689

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar, coa maior celeridade posíbel, as medidas que sexan necesarias para impulsar e manter no tempo a actividade de estudo e avaliación do Observatorio da Lingua Galega así como as demais funcións para as que foi creado”.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/12/2018 17:31:16

María Montserrat Prado Cores na data 27/12/2018 17:31:22



CSV REXISTRO-BNG-TSY-Vgg-4

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42163
Data envío: 27/12/2018 17:32:24.689

Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2018 17:31:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/12/2018 17:31:27

Noa Presas Bergantiños na data 27/12/2018 17:31:29

Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2018 17:31:31



CSV REXISTRO-BGTSYVgg-4

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 46349(10/PNC-003729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración do conxunto histórico-artístico Oia-Arrabalde Vila Mariñeira como ben de interese cultural, así como a promoción da vila e do concello

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46349
Data envío: 14/02/2019 14:34:06.625



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª**.

Exposición de motivos

A Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia dispón como obxectivo da propia lei a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, para servir como ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego a prol dos intereses da cidadanía.

Constitúe este patrimonio cultural do noso país os bens mobles, inmobles, ou manifestacións inmateriais que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, teñan que ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo e tamén aqueles nos que non concorran todos os valores enumerados, que se atopen en Galicia, independentemente do lugar no que fosen creados.

Neste contexto, un dos Bens de Interese Cultural máis importante, declarado como monumento nacional no ano 1931, sito no concello de Oia, é o Mosteiro cisterciense de Oia.

Mediante a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, todos os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia coa condición de bens de interese





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46349
Data envío: 14/02/2019 14:34:06.626



cultural anteriormente a esta lei manteñen esa condición e someteranse ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes bens.

O mosteiro sitúase na enseada de Oia e algúns historiadores cren que se asenta sobre un castelo. Datado do ano 1137 medrou polas xenerosas doazóns reais, ademais dos privilexios sobre a representación das parroquias, impostos sobre botaduras de navíos, pesca, e outras. Nado como unha congregación austera baixo a regra de San Bernardo, mostra a simplicidade nas formas arquitectónicas que mostran os ríxidos canons de Claraval, cunha construción en socalcos. É unha fortaleza e foi recinto defensivo do reino de Galicia, ante as incursións portuguesas e piratas, contando con persoal armado.

Posteriormente, foi campo de concentración durante a guerra civil.

Inda que forma parte do patrimonio cultural de Galicia e constitúe un dos conxuntos arquitectónicos único no mundo, por ser o único cenobio cisterciense a carón do mar en Europa, non conta cunha infraestrutura e una política de turismo e imbricación tal, que potencie as visitas ao mesmo e ao vasto patrimonio cultural existente na vila de Oia e no concello.

Así, outra das marabillas é o seu emprazamento, nunha costa batida polo Atlántico que entronca con Portugal a través de numerosas rutas, actuais e antigas como o Camiño portugués da costa, actualmente cun incremento do número de visitantes e peregrinos e que cun axeitado impulso facilitaría tanto o coñecemento deste camiño de peregrinación como que se visitase o concello e os seus sitios máis emblemáticos.

Outras manifestacións culturais importantes son o castro de Canos dos Mouros e petróglifos de Cabeciña, na Punta Centinela, onde se atopan os restos dunha fortificación castrexa feita na Idade Media; os petróglifos da Pousadela, na parroquia de Pedornes, Figueiredo, nos que se representa a única embarcación





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46349
Data envío: 14/02/2019 14:34:06.626



da antigüidade representada nos petróglifos da Laxe de Auga dos Cebros, co que os primeiros poboadores da zona deixaron constancia da existencia das relacións comerciais co sur do continente fai 4.000 anos, a escena de caza da Pedra do cazador con cervos e os motivos xeométricos, ademais dos petróglifos da Pedreira no mirador da Riña.

Ademais conta tamén con numerosas igrexas como a ermida de San Sebastián, a igrexa de Pedornes, a igrexa de Viladesuso, a igrexa de Mougás, e un faro que limita entre o concello de Oia e o de Baiona.

A propia Cámboa, elemento singular en Galicia necesita unha reconstrución para valorar esta estupenda obra arquitectónica da súa época, o arrabalde da vila, vinculado ao mosteiro, as hortas nas que secultivaban plantas medicinais, os muíños, a casa da culpa que contén esa lenda coa data de 1816 conforman un conxunto histórico salpicado de numerosos sitios que conxuntamente considerados farían de Oia, vila e concello, un dos numerosos sitios de obrigada visita co impulso institucional que se merece.

É necesario que todo este conxunto, formado polo mosteiro de Santa María de Oia, os muíños do río Lavandeira, o acueduto e o pombal; a Cámboa, o porto e a enseada; a Centinela, a casa do concello, o barrio do Arrabalde expoñente da cultura mariñeira, baseada na pesca artesanal ata a capela de San Sebastián, fontes, prazas, cruceiros, petróglifos e outras manifestacións culturais, se revaloricen cunha denominación única decidida entre a veciñanza, os sectores económicos e os institucionais do concello, e a administración autonómica, co fin de mellorar a calidade de vida, poñendo o foco no turismo de calidade, e nas potencialidades e o impacto que ofrece este sector, enfocado á fixación da poboación no rural, a mellora e fortalecemento da saúde económica e cultural das nosas vilas e por extensión da cidadanía de Galicia.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46349
Data envío: 14/02/2019 14:34:06.626



Isto pode levarse a cabo a través do recoñecemento a través do artigo 10.1.g da Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galicia, que daría acceso aos plans especiais de conservación patrimonial da Xunta e o acceso a axudas específicas para conxuntos históricos, que contan con promoción turística institucional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Realizar todas aquelas actuacións en colaboración coa veciñanza e co concello de Oia e outras institucións para declarar Ben de Interese Cultural o conxunto histórico-artístico Oia, Arrabalde, Vila Mariñeira pola vía do artigo 10.1.g da Lei 5/2016.
- 2.- Realizar todos aqueles informes, delimitación e composición dos bens integrantes de dito conxunto, así como daqueles que illados ou pertencentes a outras vilas do concello formen parte do mesmo conxunto, con delimitación individual, que se anexarán para a solicitude da declaración do BIC; así como a delimitación consensuada da zona de amortecemento
- 3.- Promover e facilitar as consultas e alegacións da veciñanza nesta declaración BIC Oia –Arrabalde- vila mariñeira, a través de todas as canles, e tamén das institucións e sectores económicos.
- 4.- Realizar campañas de promoción da vila e do concello durante a tramitación e posteriormente.
- 5.- Promover a apertura de negocios turísticos conforme a unha política de turismo de calidade que cumpran co triplo obxectivo de promoción, de



CSV REXISTRO-0Vp0TJ2M6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46349
Data envío: 14/02/2019 14:34:06.626



fixación de poboación e mellora da poboación en canto a oportunidades de traballo e economía.

6.- Realizar un plan de promoción turística transfronteiriza con Portugal na promoción do Camiño Portugués, tanto da costa como interior, coordinado cos concellos limítrofes, polos que discorre.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Perez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/02/2019 14:33:10

Luca Chao Pérez na data 14/02/2019 14:33:17

Luis Villares Naveira na data 14/02/2019 14:33:24

CSV REXISTRO-0Vp0TJ2M6
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

